

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 8 de xuño de 2022 pola que se modifica o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de Idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería.*

Mediante a Orde do 20 de novembro de 2019, deuse publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensinanza secundaria, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 235, do 11 de decembro).

A Orde de 10 de febreiro de 2022 (DOG núm. 35, do 21 de febreiro) modifica o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 no que se refire á especialidade de Física e Química do corpo de profesores de ensino secundario para incluír a titulación de Enxeñaría de Minas como unha das titulacións que permiten a incorporación ás listas desta especialidade en execución da sentenza firme ditada no procedemento ordinario 322/2020 pola sala do contencioso-administrativo, sección primeira, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así mesmo, incluíronse os títulos de grao correspondentes á dita titulación entre os que figuraban as titulacións de grao en Enxeñaría da Tecnoloxía de Minas e Enerxía, Enxeñaría de Recursos Enerxéticos e Mineiros, Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría de Tecnoloxía de Minas e Enerxía, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Recursos Enerxéticos e Mineiros e Enxeñaría Mineira e Enerxética.

Pola súa vez, analizado o plan de estudos da titulación de grao en Enxeñaría da Enerxía, procede a súa incorporación entre as titulacións que permiten a incorporación ás listas da especialidade de Física e Química toda vez que a formación acadada nesta titulación en relación coa devandita especialidade é análoga á recibida nas titulacións relacionadas no parágrafo anterior.



Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**ACORDA:**

Primeiro. Modificar o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 (DOG núm. 235, do 11 de decembro), pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensinanza secundaria, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no que se refire á especialidade 590007: Física e Química, que queda redactado como segue:

590007-Física e química	Enxeñaría:	Aeronáutica
		Camiños, canles e portos
		Industrial
		Minas
		Naval e oceánica
		Química
		Telecomunicación
	Licenciatura:	Bioquímica
		Biotecnoloxía
		Física
		Química
	Grao en:	Arquitectura naval
		Arquitectura naval e enxeñaría de sistemas mariños
		Arquitectura naval e enxeñaría marítima
		Bioquímica
		Bioquímica e bioloxía molecular
		Bioquímica e ciencias biomédicas
		Biotecnoloxía
		Ciencias agrarias e bioeconomía
Ciencias e tecnoloxías de telecomunicación		
Ciencias experimentais		
Enxeñaría da enerxía		



	Enxeñaría da enerxía e sustentabilidade
	Enxeñaría da tecnoloxía de minas e enerxía
	Enxeñaría da tecnoloxía mineira
	Enxeñaría de enerxía e medioambiente
	Enxeñaría de enerxías renovables
	Enxeñaría de recursos enerxéticos e mineiros
	Enxeñaría de recursos mineiros e enerxéticos
	Enxeñaría de tecnoloxía de minas e enerxía
	Enxeñaría de tecnoloxías industriais
	Enxeñaría de tecnoloxías mineiras
	Enxeñaría dos recursos mineiros
	Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos
	Enxeñaría en enerxías renovables e eficiencia enerxética
	Enxeñaría en recursos enerxéticos e mineiros
	Enxeñaría en tecnoloxía industrial
	Enxeñaría en tecnoloxía mineira
	Enxeñaría en tecnoloxías industriais
	Enxeñaría mineira
	Enxeñaría mineira e enerxética
	Física
	Maríña
	Nanociencia e nanotecnoloxía
	Náutica e transporte marítimo
	Química
	Tecnoloxía da enxeñaría civil

Segundo. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Román Rodríguez González  
 Conselleiro de Cultura, Educación,  
 Formación Profesional e Universidades

